

A AXENCIA DE DOAZÓN DE ÓRGANOS E SANGUE PROMOVE A DOAZÓN DE SANGUE EN NATURGY DA CORUÑA

A Axencia de Doazón de Órganos e Sangue (ADOS) estará ao longo da presente xornada nas instalacións da empresa Naturgy da Coruña para incentivar a participación nas campañas de doazón de sangue de todos os profesionais que desexen colaborar.

As persoas que queiran participar activamente, poderán acudir ata a unidade móbil da ADOS que estará estacionada diante dos servizos médicos das 09:30 ás 14:30 horas.

A Axencia quere agradecer a todos os traballadores e traballadoras a súa participación e convidarlles a que continúen a incrementar ás 1.018 doazóns que se teñen rexistrado no transcurso das 38 visitas realizadas pola ADOS ata Naturgy da Coruña desde o ano 1994.